



Guía Docente				
Datos Identificativos			2015/16	
Asignatura (*)	Prácticum 2	Código	750G02034	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Profesorado	Bouza Vivero, María Del Carmen Carballo Díaz, Juan Luis Fuente González, César Jose de la Gil Manso, Pedro Gonzalez Martin, M. Cristina Janeiro Arocas, Julia Maria Lopez Lopez, Luis Martínez Vázquez, María Mosquera Fernandez, Abian Romero Soto, Manuel Rosende Bautista, Carolina	Correo electrónico	carmen.bouza.vivero@udc.es juan.carballo1@udc.es c.de.la.fuente@udc.es pedro.gil.manso@udc.es cristina.gmartin@udc.es julia.janeiro@udc.es luis.lopezl@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es abian.mosquera.fernandez@udc.es manuel.romero.soto@udc.es carolina.rosende@udc.es	
Web	<a href="https://moodle.udc.es/course/view.php?id=30636">https://moodle.udc.es/course/view.php?id=30636</a>			



<b>Descrición xeral</b>	<p>El Prácticum consiste en prácticas pre-profesionales que se desarrollarán principalmente en la Clínica Universitaria de Podología de la Universidad de A Coruña, pudiéndose complementar esta formación con prácticas en otros centros sanitarios acreditados, con el fin de desarrollar las competencias que permitan al alumno incorporar a su formación las competencias fundamentales y los valores profesionales para el ejercicio de la profesión podológica. Estas prácticas clínicas incluyen la participación del alumno en el proceso de atención podológica integral con pacientes reales, siempre bajo la supervisión de un profesional que guiará al alumno en el proceso de aprendizaje clínico. También se desarrollarán otras actividades en forma de seminario o sesiones clínicas en las que se abordarán contenidos y competencias relacionadas con la práctica clínica como el estudio y discusión de casos clínicos, interpretación de pruebas complementarias o realización de informes.</p> <p>Para cursar las materias del Prácticum los alumnos deben de haber obtenido previamente 90 créditos de la primera mitad del plan de estudios, de entre los cuales deben de haber obtenido obligatoriamente los correspondientes a las materias de: Podología General, Biomecánica del miembro inferior, Ortopodología 1 y Ortopodología 2, Quiropodología 1 y Quiropodología 2. Para cursar el el prácticum 2 el alumno deberá de haber obtendo los créditos del prácticum 1.</p> <p>Antes del inicio de las prácticas clínicas se pondrá a disposición del alumno en la facultad virtual un Anexo a la Guía docente del Prácticum II en la que se detallarán aspectos relacionados con la planificación, la metodología y la evaluación de la materia, que por cuestiones de implantación del título y planificación de las prácticas clínicas del nuevo título de grado, no están cerradas a la fecha fijada para el cierre y la entrega de esta guía docente.</p> <p>En esta materia se desenvolverá y aplicará: Método clínico en podología. Historia clínica podológica: registro de la información obtenida. Técnicas de exploración física. Actividades radiológicas propias de la podología. Pruebas complementarias y la racionalización de su uso. Diagnóstico y pronóstico. Plan de intervención integral o tratamiento podológico. Planes de intervención específicos para el tratamiento del pie de riesgo: diabético, neurológico y vascular. Protocolos: ejecución y evaluación. Uso del instrumental, material y maquinaria empleados para la confección y aplicación de tratamientos podológicos. Medidas de resucitación y reanimación en casos de emergencia. Habilidades sociales para la comunicación y el trato con el paciente y otros profesionales. Intercambio de información con los distintos profesionales y autoridades sanitarias implicadas en la prevención, promoción y protección de la salud. Prescripción, administración y aplicación tratamientos farmacológicos, ortopodológicos, físicos y quirúrgicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Evaluación de los resultados obtenidos del proceso de atención Podológica. Capacidad en la gestión clínica de los servicios de podología. Actualización de los conocimientos, habilidades y actitudes. Calidad asistencial en la práctica de la podología. Utilización elementos de documentación, estadística, informática y los métodos generales de análisis epidemiológicos</p>
-------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.	A36 A60	B19	
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía.	A37		
Realiza a historia clínica podológica e rexistra a información obtida.	A38		
Desenvolve as técnicas de exploración física.	A39		
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A40		
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.	A41	B12	
Emite un diagnóstico e prognóstico.	A42		



Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.	A43 A62 A64		
Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.	A44 A62		
Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.	A45	B4 B17	
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.	A46		
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia propia.	A47		
Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.	A48 A49	B7 B21	C1
Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.	A50		
Elaborar e interpretar informes clínicos.	A51	B7 B12	
Avalía os resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica.	A52	B14	C4
Adquirir a capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.	A53	B11 B12 B16	
Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.	A54	B1 B3 B14	C6 C7 C8
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía.	A55	B6	C4 C6
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico.		B2 B18	C3

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Método clínico en podoloxía.</p> <p>Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida.</p> <p>Técnicas de exploración física.</p> <p>Actividades radiolóxicas propias da podoloxía.</p> <p>Probas complementarias e a racionalización do seu uso.</p> <p>Diagnóstico e prognóstico.</p> <p>Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.</p> <p>Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.</p> <p>Protocolos: execución e avaliación.</p> <p>Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.</p> <p>Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.</p> <p>Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.</p> <p>Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.</p> <p>Elaboración e interpretación de informes clínicos.</p> <p>Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica.</p> <p>Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.</p> <p>Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes.</p> <p>Calidade asistencial na práctica da podoloxía.</p> <p>Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</p>	<p>O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais.</p> <p>Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o primeiro cuadrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente no primeiro cuadrimestre do 4º curso de grao, son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno que cursa a materia de Prácticum II, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A53 A52 A51 A50 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A54 A55 A60 A62 A64 B21 B19 B18 B17 B16 B14 B11 B7 B6 B4 B3 B2 C1	240	0	240
Portafolios do alumno	A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8	0	50	50



Proba obxectiva	A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 A54 A55 A60 A62 A64	8	0	8
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



<p>Prácticas clínicas</p>	<p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumno no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes reais que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e as prácticas externas nos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. O alumno participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Do mesmo xeito participará de forma activa nas sesións clínicas dos servizos. A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.</p> <p>A ausencia a prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das seguintes causas, debidamente acreditada (con xustificante con data do mesmo día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 3 días da ausencia na administración da CUP), enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica, falecemento dun familiar ata o segundo grao, citación xudicial que coincida coa data da práctica, asistencia a unha sesión do Claustro ou do Consello de Goberno da UDC que coincida coa data da práctica, o/a estudante terá dereito a non recuperala ata un máximo de 5 prácticas, un número maior de faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas pode supor o suspenso da materia.</p> <p>A fin de permitir a formación complementaria do alumno dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación. Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 3 días desde a súa celebración e comunicando a intención de asistir con polo menos 10 días de antelación ao profesor que lle corresponda impartir a docencia ese día e ao coordinador da materia. Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 4 ausencias a prácticas son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Congreso Nacional de Podoloxía</li><li>- Xornadas Galegas de Podoloxía</li><li>- Congresos Internacionais de Podoloxía</li><li>- Congreso de Estudantes de Podoloxía</li><li>- Xornadas Laboralia</li><li>- Outras actividades que poidan ser valoradas polos docentes desta materia</li></ul> <p>Todo o alumnado debe de asistir no grupo no que está inscrito e dado que debe de asistir todos os días a prácticas non existe a posibilidade de cambiar prácticas.</p> <p>Existirán follas de control de asistencia nas que o alumno debe de asinar ao entrar en prácticas no mostrador de administración (estarán dispoñibles de 9.00 a 9.15). A firma é a garantía da asistencia do alumno polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta ás prácticas. Calquera falta xustificada debe de documentarse adecuadamente coa causa e datas do día e entregarse ao responsable do Prácticum 2 directamente ou deixala en administración antes de pasados 3 días desde a ausencia.</p> <p>A puntualidade na asistencia ás prácticas é de obrigado cumprimento, rexistrárase calquera hora de chegada posterior ás 9:15, as faltas de puntualidade serán penalizadas podendo chegar a supor o suspenso da materia.</p> <p>Todo procedemento e tratamento será supervisado polo docente responsable de cada práctica. E tras a mesma será este quen estableza o prazo de próximas visitas e/ou revisións.</p> <p>Durante todas as prácticas o alumno deberá de levar pixama e calzado sanitario branco, así como un bolígrafo de 4 cores, lentes de protección. Do mesmo xeito deberán de respectarse as normativas da CUP (<a href="http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/">http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/</a>), a lexislación vixente e o Código Deontolóxico de Podoloxía moi especialmente no a segredo profesional refírese mantendo a orde e a limpeza en todo momento.</p> <p>A presentación da materia será o xoves 17-9-2015 ás 11:00h na aula CPI da Clínica Universitaria de Podoloxía. O inicio das prácticas será o martes 22-9-2014 segundo o horario oficial da materia e o calendario lectivo así como os rotatorios da materia que se comunicarán o día da presentación da materia.</p>
---------------------------	---



Portafolios do alumno	<p>Esta parte do Prácticum II consistirá no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica (elaboración da historia clínica, petición de probas complementarias, elaboración de informes clínicos, etc.), e a realización de seminarios e sesións clínicas para o desenvolvemento de competencias como emitir un diagnóstico e un prognóstico, interpretar os resultados das probas complementarias ou manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes, mediante a lectura crítica e a discusión de publicacións científicas.</p> <p>Para iso todos os alumnos/as deben de elaborar e entregar a través da plataforma Moodle-Gnosis en formato PDF nomeando ao arquivo con Apelido1_Apelido2_Nome.PDF as seguintes tarefas:</p> <p>I.- Entregar un caso clínico dos pacientes vistos polo alumno. No devandito caso clínico xustificaranse os procedementos realizados e valorarán as alternativas en base á bibliografía científica e a evidencia científica dos mesmos incluíndo documentación fotográfica do mesmo. Extensión 3-20 follas por caso clínico, contando ademais cunha portada na que se inclúa o nome do alumno, o título do caso sobre o que versa e o servizo ao que fai referencia.</p> <p>Devandito caso clínico constará dos seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anamnesis e antecedentes podolóxicos.</li> <li>- Exploración física.</li> <li>- Probas complementarias.</li> <li>- Tratamentos aplicados: descrición, valoración, xustificación e resultados.</li> <li>- Alternativas ao tratamento aplicado.</li> <li>- Bibliografía (Vancouver).</li> </ul> <p>II.- Memoria das actividades de sesións clínicas.</p> <p>III.- Elaboración dunha reflexión das prácticas clínicas (evolución da aprendizaxe, aspectos positivos e negativos do proceso de aprendizaxe, formulación de alternativas de mellora e outros aspectos destacados). Extensión 1-2 follas que se valorará en función da calidade do mesmo e as solucións expostas.</p>
Proba obxectiva	<p>Os días de xaneiro marcados no calendario oficial de exames, realizaranse ao longo dos mesmos un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa.</p> <p>Este exame será de carácter práctico clínico, con pacientes reais sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica. Será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada servizo.</p> <p>O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame. Este exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía do pé e outra correspondente co Servizo de Patoloxía mecánica e Tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>O alumno poderá realizar consúltalas pertinentes aos profesores de cada servizo cos que realice os casos clínicos, preferentemente co mesmo docente co que viu por primeira vez ao paciente.</p> <p>No caso de cadro-gráfica resumo de todos os procedementos realizados e a reflexión das prácticas clínicas ditas consultas deberán de ir dirixidas fundamentalmente ao profesor coordinador do Prácticum 2.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Proba obxectiva	A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 A54 A55 A60 A62 A64	<p>Ao longo dos días de xaneiro marcados no calendario oficial de exames, realizarase exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa.</p> <p>Este exame será de carácter práctico clínico con pacientes reais, sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica. Será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada servizo. O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame.</p> <p>Este exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodología e Cirurxía do pé e outra correspondente co Servizo de Patoloxía mecánica e Tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame Quiropodología e Cirurxía=20 %; Exame patomecánica-ortopodología=20 %</p>	40
Prácticas clínicas	A53 A52 A51 A50 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A54 A55 A60 A62 A64 B21 B19 B18 B17 B16 B14 B11 B7 B6 B4 B3 B2 C1	<p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumno das competencias a desenvolver neste Prácticum II. A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes que cada profesor recollerá nas prácticas supervisadas do seu servizo.</p> <p>A porcentaxe global de cada servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Prácticas Quiropodología e Cirurxía= 16 %</li><li>- Prácticas Patomecánica-Ortopodología= 16 %</li><li>- Prácticas Traumatología= 4 %</li><li>- Prácticas Externas e Hospitalarias (outros servizos: Cámara Hiperbárica...)= 4 %</li></ul> <p>Sendo necesario superar cada apartado (5/10) para superar as prácticas clínicas e a materia.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas avaliaranse os seguintes ítems nunha ficha individual por alumno/a:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Capacidade de expresión e comunicación co paciente, compañeiros e resto do persoal.</li><li>- Co paciente valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica</li><li>- Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico</li><li>- Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación de tratamentos</li><li>- Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación</li><li>- Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo</li></ul> <p>A fin de manter informado o alumno dos seus progresos e carencias, a principios do mes de novembro informarase as cualificacións obtidas ata a data por cada alumno na avaliación continua en cada un dos servizos da CUP.</p>	40





Portafolios do alumno	A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8	<p>A cualificación desta parte consiste na avaliación de todas as actividades individuais ou en grupo que se programaron nas sesións clínicas e seminarios descritos na planificación e metodoloxía do portafolios</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado do portafolio será:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Caso clínico = 10%</li><li>- Actividades de sesións clínicas = 7%</li><li>- Reflexión sobre as prácticas clínicas = 3%</li></ul> <p>Sendo necesario superar cada apartado para superar o portafolio e a materia.</p> <p>Nos casos clínicos xustificaranse os procedementos realizados e valorarán as alternativas en base á bibliografía científica, o grao de evidencia e documentación fotográfica así como a calidade xeral de mesmo, así como a adaptación aos formatos e apartados marcados</p>	20
-----------------------	------------------------------	---	----

**Observacións avaliación**



Condições a ter en conta para superar o Prácticum 2: 1) É obrigatorio asistir ao 100% das prácticas clínicas. O alumnado que falte aínda de forma xustificada a un número de prácticas maior ao 10% (5 faltas) poderá supor un suspenso no Prácticum 2 debendo de matricularse no seguinte curso académico. En calquera caso un número de faltas ás prácticas superior ao 30% suporá automaticamente a cualificación de Non Presentado no conxunto da materia tanto para a primeira como para a segunda oportunidade, debendo de matricularse no seguinte curso académico. 2) Para superar a materia será necesario aprobar cada un dos apartados da avaliación e obter unha cualificación global mínima de 5 sobre 10. Os alumnos que non superen a puntuación mínima ou se presenten ao exame individual na convocatoria de xaneiro terán opción a facelo na convocatoria de xullo. No mes de xullo non hai opción a recuperar ningunha outra parte da materia polo que si está suspensa o alumno/a estará suspenso no Prácticum 2 debendo de matricularse no seguinte curso académico. 3) Calquera falta grave de disciplina ou comportamento cos doentes, compañeiros, profesorado ou persoal da CUP, así como faltas reiteradas ás normas de funcionamento da CUP, do segredo profesional e da lexislación sanitaria vixente, será sometida a avaliación polo claustro de profesorado da materia, previo informe da situación desencadeada, e pode supor o suspenso automático no Prácticum 2. - Falar e permanecer nos corredores ou en recepción. - Utilizar o teléfono móbil durante as prácticas. - escoitar música durante as prácticas. - Realizar fotos ou gravacións con dispositivos que non pertencen á CUP. - Non rexistrar e comprobar os datos da historia clínica, rexistralos na recepción ou non identificar convenientemente ao paciente (por nome e apelidos). - Non recoller ou organizar os gabinetes e salas tras o seu uso. - Dar o alta ou cita a un paciente sen supervisión por parte do docente responsable da atención. - Ausentarse das prácticas sen unha xustificación e comunicación ao profesor responsable da práctica. - Comer ou beber nas instalacións da CUP (só se permite na aula CPI ou cafetería). - Non portar o cartón identificativo, indumentaria de prácticas (pixama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores ou lentes de protección. - Non manter un aseo adecuado incluíndo non manter o pelo recolleito ou curto, as uñas cortadas e sen pintar así como portar colares, aneis, pendentes longos ou pulseiras. - Calquera outro incumprimento das normas da CUP

((<http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/>).

Situacións especiais de avaliación 1) A cualificación de matrícula de honra: dado o seu carácter graciable, concederáse automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecido, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as 3 días antes da data de actas. En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media superior a 9.0, requisito básico para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra por acordo do conxunto de docentes da materia naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia. 2) Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a aquelas partes que non obtivesen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. En caso de non realizar a totalidade das prácticas clínicas terá que cursar a totalidade da materia novamente. 3) Conservaranse de forma automática as cualificacións superadas de calquera das metodoloxías dentro das 2 oportunidades da mesma convocatoria. 4) Para os alumnos con matrícula parcial: poderán desenvolver a materia realizando os diferentes conceptos da materia en dous cursos, sempre realizando as prácticas, portafolio e exame do mesmo servizo no mesmo curso. Para iso contarase o primeiro curso en que se curse a materia coa cualificación de N.P. e no segundo coa cualificación calculada de todos os conceptos no momento de realización dos mesmos. Deberán de solicitar e aprobarse esta modalidade de avaliación ao comezo do curso, en caso contrario avaliarase como na modalidade ordinaria 5) Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación : Para aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e cursen e superen as prácticas clínicas (cuxa cualificación suporá o 25% da materia), poderán presentarse á proba obxectiva de carácter práctico clínico cuxa cualificación suporá o 75% da cualificación da materia. 6) Non presentado: aqueles alumnos/as que asistan a menos do 70% das prácticas clínicas da materia a súa cualificación será automaticamente de Non Presentado (para calqueira das oportunidades do curso).

Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<p>Teniendo en cuenta que todos los contenidos teórico-prácticos de la titulación son relevantes para el ejercicio profesional y, por el mismo motivo, para las prácticas clínicas, las fuentes de información básicas y recomendadas por todas y cada una de las materias conforman las fuentes de información para consulta y estudio durante la realización de las prácticas clínicas comprendidas en el Prácticum. No obstante, existen determinadas fuentes documentales de gran utilidad para su consulta durante la práctica clínica del día a día y que concretará el profesorado que supervise las prácticas clínicas de los diferentes servicios de la Clínica Universitaria de Podología. Un ejemplo de estas fuentes documentales de uso cotidiano: Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007 Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010 Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997 Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 4ª ed. España: Eviescience; 2009 Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la Evidencia. 3ª ed. Madrid: Elsevier; 2006 Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006 Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001  
 Anatomía específica do membro inferior/750G02002  
 Fisioloxía xeral/750G02003  
 Fisioloxía de sistemas/750G02004  
 Bioloxía/750G02005  
 Psicoloxía/750G02006  
 Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007  
 Patoloxía xeral/750G02008  
 Farmacoloxía/750G02009  
 Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010  
 Método científico e Saude Pública/750G02011  
 Podoloxía xeral/750G02012  
 Biomecánica do membro inferior/750G02013  
 Radiodiagnóstico e Radioprotección/750G02014  
 Podoloxía Preventiva/750G02015  
 Ortopodoloxía 1/750G02017  
 Ortopodoloxía 2/750G02018  
 Ortopodoloxía 3/750G02019  
 Ortesiología dixital e calzadoterapia/750G02020  
 Patoloxía Podolóxica 1/750G02021  
 Patoloxía Podolóxica 2/750G02022  
 Podoloxía Física/750G02023  
 Dermatoloxía/750G02026  
 Quiropodoloxía 1/750G02027  
 Quiropodoloxía 2/750G02028  
 Cirugía Podolóxica 1/750G02029  
 Cirugía Podolóxica 2/750G02030  
 Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Terapéutica farmacolóxica/750G02024

Podoloxía Deportiva/750G02025

Pe de risco/750G02031

## Materias que continúan o temario

Prácticum 3/750G02035

## Observacións

O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas &nbsp;diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o primeiro cuadrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente no primeiro cuadrimestre do 4º curso de grao, son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno que cursa a materia de Prácticum II, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías